

Flores Tristes

UNHA LONGAMETRAXE DOCUMENTAL DE TEO MANUEL ABAD





:: Ficha técnica

:: Sinopse

:: Nota do director

:: CV director

:: CV produtoras

:: Contacto





Ficha técnica





Título orixinal: Flores Tristes

Xénero: Documental de creación

Formato: Alta definición HDV

Duración: 90 min / 55 min

Lingua orixinal rodaxe: Galego

Director: Teo Manuel Abad

Produtor Executivo: Teo Manuel Abad

Produtores: Teo Manuel Abad, Antonio Varela,
Moncho Varela e Fernanda del Nido

Produtoras: Formateo (Galicia)

Pórtico (Galicia)

Tic Tac Producciones (Galicia)





Sinopsis





As últimas fosas comunes abertas en Europa non foron en Srebrenica ou Kosovo. Realizáronse o ano pasado no extremo máis occidental do continente, un dos seus finisterres: Galicia, unha rexión autónoma do norte de España. E foron as da guerra e posguerra máis antiga da idade moderna, a máis idealista e internacional das guerras europeas e preludio da segunda guerra mundial: a guerra de España. 70 anos fixeron falla para que se comezaran a abrir estas fosas.

A dictadura de Franco terminou fai máis dun cuarto de século, pero as súas sentencias de morte aínda non foron esquecidas. Máis de mil galegos, familiares das vítimas do franquismo queren desenterrar a verdade, sepultada en cunetas, montes e tapias de cemiterios dende fai máis de 70 anos: queren os restos dos seus irmáns, pais ou avós. E queren recuperar a súa memoria despois de tantos anos de silencio. Flores Tristes traza unha analoxía entre as flores nadas nestas fosas e cunetas de Galicia con estes descendentes vivos que por fin falan rompendo un longo silencio.





Nota do director





Vivín e crecín os meus primeiros 23 anos nunha ditadura (a franquista), baixo a bota dun Xeneral que provocou un golpe de Estado con miles de mortos e unha guerra civil prolongada. A súa morte, un pacto de estado tutelado polo aínda exército vencedor fixo posible a transición á democracia, pero a cambio botou un manto de terra sobre crímenes e responsabilidades do que chamaban "o pasado". Na miña terra, Galicia, esta situación prolongouse máis que no resto de España, debido á forte dereitización do seu goberno autónomo presidido por un ex-ministro do dictador. Os mortos xerados en miles de asasinatos ilegais durante a guerra e a aínda máis cruel posguerra, seguiron baixo terra. Esquecidos e envoltos nunha nube de opresivo silencio. Os fillos deses mortos tiveron que seguir gardando ese silencio. E os fillos dos seus fillos.

Pasaron 70 anos. 70 anos de silencio. Un silencio aterrador e omnipresente que cambiou o carácter deste pobo. En Galicia por primeira vez, un goberno progresista propiciou que por fin se puideran abrir as fosas destes mortos. É hora de contar este silencio. De facer falar ós fillos, irmáns, sobriños, netos destes mortos que agora ven a luz. Sempre quixen escribir a historia deste silencio. Por iso quero escribir esta película. E esta película chama-rase Flores Tristes.

TEO MANUEL ABAD





EV director





TEO MANUEL ABAD - Director e Realizador.

Manuel Abad é un dos directores-realizadores cunha traxectoria máis ampla no audiovisual galego. Os seus comezos viñeron da man da fotografía, onde destaca a súa laboura como corresponsal gráfico en diversas revistas, así como as súas exposicións fotográficas (Salas Anue, Os Arcados, Mestre Mateo...)

A mediados dos anos 80 inicia unha sólida traxectoria como videocreador, sendo algunhas das súas obras seleccionadas en festivais nacionais e internacionais; tamén entra a formar parte do primeiro equipo técnico da Televisión de Galicia onde desenvolve unha notable labor innovadora como realizador de numerosos programas de TVG, como por exemplo: Telexornal, A millor TV do mundo, Lendas do mar, Encuentros, O mellor, Con perdón. Corazonada, A fala, Mar a mar, Televisión pirata, Luar...

En paralelo, combina a súa vida como profesional na Televisión Gallega, cunha traxectoria experimental como autor independente de Cine ("Contar"), Video (O neno con pernas de pomba", "La fosa atlantica"), Documentais ("Lendas do mar", "Amalia"), Ficción ("Pequeno Hotel"), Docudrama ("A vida Aberta"), Campañas ("Galicia Terra Unica", "Xacobeo"), Concertos ("Elton Jhon", "Santana"), Eventos especiais ("A Fala", "Luar da Solidariedade") e un longo etcétera

O seu longo percorrido viuse recompensado en diversas ocasións con galardones e premios como: Seleccionado polo Museo de Arte "Reina Sofia" para os seus "Visionarios Españoles", na Bienal da Imagen en Movemento (pola súa obra "365"). Premio no Festival Internacional de Video de Madrid e obra permanente no Centro Galego de Arte Contemporanea (con "Prologo"), Selección para a Expo-92 (con "Hardo") e a Mostra Internacional do Festival de San Sebastian (con "Denantes").

Actualmente atópase na realización da súa próxima película, o documental "Flores Tristes".





EV Producciones





FORMATEO, S.L.

No ano 2000 fúndase a produtora galega Formateo S.L. é unha produtora galega independente unipersonal de Teo Manuel Abad Abad , que realiza os seus traballos dende o ano 2000, data da súa constitución, sempre en reximen de co-producción ou de servizos para varios clientes. Entre as súas producións están:

FLORES TRISTES. Longametraxe documental. En coproducción con Portico de Comunicaciones e Tic Tac Producciones. 2008

AMALIA, ULTIMA NOTICIA. Documental sobre a ultima gravacion que Amalia Rodríguez fixo en vida. Para TVG. 2007

GALICIA, O IMPERIO DOS SENTIDOS. Documental. Con Faro Producciones. 2007

SON DE ESTRELAS. Concurso musical. Con Voz Audiovisual. 2007

VERDE TRANSPARENTE. Videodanza. Con Druida Ballet. 2006

UNHA NOITE NON E NADA. "Late night" presentado por Carlos Blanco. Capitulo Piloto. 2007. Con Filmanova S.A.

RAIL. Piloto Calendario cultural. 2005. Con Portico de Comunicaciones, S.A.

SANTOS E PECADORES. Serie Documental para T.V.G. 2005

XACOBEO 2004. Espectaculos musicais e audiovisuais. 2004. Con Artiket, S.A.

Premios MESTRE MATEO, MM3. Gala Audiovisual. 2003. Con a Academia Galega do Audiovisual.

PEQUENO HOTEL. Sitcom. 2001/2002. Con CTV, S.A.

LUAR. Musical. Dende o ano 2000, para a T.V.G.





PORTICO DE COMUNICACIONES

Pórtico, como empresa audiovisual multidisciplinar, realiza servicios de producción de spots, programas de tv, documentais, curtametraxes e longametraxes. Posúe todo o necesario en equipación audiovisual (equipos de gravación, iluminación, son e edición) sendo das poucas produtoras que integra a Alta Definición nas súas instalacións técnicas e nas súas producións.

No ano 2001 Pórtico adéntrase no mundo cinematográfico coas curtametraxes rodadas en 35 mm. "Xinetes na tormenta", (premio á Mellor Dirección no Festival de Cine de Ourense) e "Inútil", (Mellor curtametraxe galega do ano 2001 e Mellor curtametraxe do Eixo Atlántico). No 2004 Pórtico produce, xunto a Tesela e TVG, a longametraxe "A Promesa", rodada tamén en 35 mm. e dirixida por Héctor Carré. Esta longametraxe contou coa participación de TVE e Canal +. Anos máis tarde, Pórtico producirá os documentais "Himno Galego. Cen Anos" e "...váime ser difícil esquecer", emitidos en Televisión de Galicia.

A produtora viuse reforzada no ámbito televisivo con produtos como as series documentais "Terra e Vento", "En clave natural" e "Un mundo de historias", o programa musical "Noitemóbil", ou o magacín de misterio "Antes do silencio". Ademais, conta na parrilla de emisión da cadena autonómica con produtos como "Natureza", un microespacio diario sobre medio ambiente, o docu-soap "Criaturas", que inicia unha nova tempada nos programas de acceso a prime time de TVG, e o novo microespacio cultural e diario "Ben Falado" sobre a lingua.

O seu selo de identidade é o programa "Dende Galicia para o mundo", con quince anos de historia ás súas espaldas en Televisión Española, chega agora cada semana a cen millóns de fogares dos cinco continentes. Un magacín social, cultural, turístico e industrial cun gran valor divulgativo, e que foi emitido a través de cinco satélites, tres mil plataformas dixitais, e moitas canles analóxicas de América e Europa. Os datos da súa décimo quinta tempada falan por





sí sós do éxito dun produto que serve de ventá para Galicia de cara ó exterior, e que conta coa súa versión en castelán e galego.

No terreo da publicidade, Pórtico conta cunha ampla experiencia grazas a destacados traballos coma o documental promocional e publicitario das 13 "Cidades Patrimonio da Humanidade", en versións de 16 e 5 minutos, e en 9 idiomas; os 66 videoclips para o Xacobeo "Etapas do Camiño" ou os sete vídeos "Os Camiños de Santiago".

Ademais destes traballos Pórtico realizou os vídeos promocionais "Hesperia Balneario de Guitiriz", "Hotel Hesperia Lanzarote", "Gran Hotel Hesperia La Toja", "Televés", "Einsa", "Parques Naturais de Galicia"... xunto a importantes montaxes audiovisuais como "Vía Nova", con imaxes de síntese e diaporamas; e o vídeo estereoscópico en 3D para a exposición "Galicia Dixital" xunto a obra audiovisual para a Exposición Universal de 2005 de Aichí (Xapón), no pabillón de España.

Por outra banda, caben destacar os vídeos "Himno Galego" para o programa Homenaxe Himno Galego da TVG, os vídeos "TDT" con motivo do recente apagón analóxico na Fonsagrada, os vídeos "Letras Galegas" e "Premios Nacionais da Cultura Galega" do 2008; e o vídeo "A Forza das Minorías" para o 32º Congreso Internacional de Ibbv en Copenhague.

Entre os seus últimos traballos publicitarios, Pórtico produciu os spots "Proxecto Home", "Auga de Sousas", "Marqués de Vizhoja" (nominado ós premios Agapi 2001), "Ecoembes", "Martín Códax", "Axencia Galega de Desenvolvemento Rural", "La Voz de Galicia: facsímiles Espasa", "Bolsa Vivenda en Alugueiro" para IGVS, "Ratibrom", "IGAPE", "Lectura" para TVG, "Santiago de Compostela, unha capital para Galicia", "Promoción produtos Televisión de Galicia e Radio Galega", "As nosas músicas" para Caixa Galicia e "Movemento contra a Lei de Murphy" e "O futuro promete" para a Consellería de Traballo en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, entre outros moitos spots, publlirreportaxes e vídeos promocionais.



Durante o 2008, 2009 e 2010 TIC TAC PRODUCCIONES estará traballando no desenvolvemento e produción dos seguintes proxectos:



TAN POUQUIÑA COUSA, UN CORAZÓN

En Desenvolvemento
 Director: Daniel Domínguez
(Ficción)

- Tic Tac Producciones (España)
- Lagarto Cine (Arxentina)



18 COMIDAS

En Desenvolvemento
 Director: Jorge Coira
(Ficción)

- Tic Tac Producciones (España)
- Lagarto Cine (Arxentina)
- Zircozine (España)



TRA-LAS LUCES

En Producción
 Directora: Sandra Sánchez
(Documental)


- Tic Tac Producciones (España)
- Lagarto Cine (Arxentina)



FLORES TRISTES

En produción
 Director: Teo Manuel Abad.
(Documental)

- Formateo (España)
- Pórtico (España)
- Tic Tac Producciones (España)




QUE CULPA TIENE EL TOMATE

En Postproducción *(Documental)*

Director: Alejo Hoijman (Arxentina), Paola Vieira (Brasil), Marcos Loayza (Bolivia), Carolina Navas (Colombia), Jorge Coira (Galicia, España) Josué Méndez (Perú), Alejandra Szeplaki (Venezuela),


- Lagarto Cine (Arxentina)
- TV Zero (Brasil)
- Pucara Films y Alma Films (Bolivia)
- PatoFeo Films (Colombia)
- Tic Tac Producciones (España)
- Chullachaki (Perú)
- Estrella Films (Venezuela)



VIENEN POR EL ORO, VIENEN POR TODO

En Producción
Director: Pablo D'alo Abba –
Cristian Harbaruk *(Documental)*

- Lagarto Cine (Argentina)
- Mal Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



A PARTE AUSENTE

En Desenvolvimento
Director: Gael Maidana
(Ficción – Ópera Prima)

- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



PAYASAS MUERTAS

En Desenvolvimento
Directora: Ana Rovira
(Ficción – Ópera Prima)

- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



RECURSOS HUMANOS

En Desenvolvimento
Director: Jaime Escallón Buraglia
(Ficción)

- Babilla Cine (Colombia)
- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



AGUA FRÍA DE MAR

En Desenvolvimento
Directora: Paz Fábrega
(Ficción)

- Temporal Films (Costa Rica)
- Tic Tac Producciones (España)
- Pimienta Films (México)
- Les films du Requin (Francia)



TODA LA GENTE SOLA

En Postproducción
Director: Santiago Giralt
(Ficción)

- M&S producción (Argentina)
- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



MANUEL E ELISA

Rematada
Director: Manuel Fernández
Valdés. *(Documental)*

- Tic Tac Producciones (España)



Contacts

TIC TAC PRODUCCIONES

CIE - MANS, Polígono de Pocomaco Parcela D-22
C.P. 15190, A Coruña - ESPAÑA

Mob. (+34) 676 099 523

Tel. (+34) 981 910 122

Fax. (+34) 981 910 101

info@tictacproducciones.com

www.tictacproducciones.com

www.florestrikes.com

